

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

1º.- Que con data 21 de setembro de 1978 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común adoptou a Resolución de clasificar como tal o nomeado "Monte de Seixo" da pertenza parte a Comunidade integrada polos veciños de Casal.

2º.- Que con data 15 de xuño de 1999 a Comunidade de Casal solicitou a rescisión da parte da súa pertenza no monte "Seixo" consorcio 2291 9/9, acompañando certificación do acordo adoutado en Asemblea Xeral extraordinaria do 19 de maio de 1999.

3º.- Que a superficie total consorciada do monte foi de 747 Hectáreas e o ano de comezo das acutacións de repoboación 1952 distribuída así:

Parroquia de SAN XOÁN DE CERCEDO.....	579 Has.
Lugar de ABELAINDO.....	8 Has.
Lugar de ARÉN.....	16 Has.
Lugar de BARRO.....	25 Has.
Lugar de CARBALLADAS.....	28 Has. (1ª segregación o 15-10-1997)
Lugar de CAVADOSA.....	16 Has.
Lugar de MELIDE.....	23 Has.
Lugar de CACHOFES (Folgozo).....	10 Has. (2ª segregación o 01-06-1998)
Lugar de CASAL.....	42 Has. (3ª segregación)

=====

TOTAL.....747 Has.

4º.- Que ó monte Mosteiro e de Baixo, pasan a convenio 361-5694: 42 Has. consorciadas e 2 Has. rasas que aporta de novo.

5º.- Que os gastos por traballos mailos ingresos, segundo consta na conta do Consorcio foron:

	<u>INGRESOS</u>	<u>GASTOS</u>	<u>SALDO</u>
31-12-1983.....Distribuc. 42/747 Has.....	52.658.....	708.028.....	655.370 H.
02-08-1984.....42'5% AM 1012990 38/83.....	430.521.....		224.849 H.
31-12-1984.....Gardaría 42 x 45.....		1.890.....	226.739 H.
03-12-1985.....42'5 AM 412200 4076.....	175.185.....		51.554 H.
31-12-1985.....Gardaría.....		1.890.....	53.444 H.

	INGRESOS	GASTOS	SALDO
31-12-1986.....Gardería 42 x 50.....	2.100.....	55.544 H.	
31-12-1987.....Gardería 42 x 50.....	2.100.....	57.644 H.	
31-12-1988....."....."	2.100.....	59.744 H.	
09-11-1989.....Condon. débeda.....	672.782.....	613.038 D.	
31-12-1989.....Gardería.....	2.100.....	610.938 D.	
31-01-1990.....Repoboación 4 Has. 4803.....	295.715.....		
".....7'85% Gtos. Admón.....	23.214.....	292.009 D.	
".....Gardería.....	2.100.....	289.909 D.	
31.12.1991.....Gardería 42 x 55.....	2.310.....	287.599 D.	
31-12-1992.....Gardería 42 x 55.....	2.310.....	285.289 D.	
31-12-1993.....Gardería ".....	2.310.....	282.979 D.	
31-12-1994.....Gardería ".....	2.310.....	280.669 D.	
31-12-1995.....Gardería ".....	2.310.....	278.359 D.	
31-12-1996.....Tratam. Selv. 5 Has 4620.....	1.390.060.....	1.111.701 H.	
31-12-1996.....7'85% Gtos. Admón.....	109.060.....	1.111.701 H.	
31-12-1996.....Gardería 42 x 60.....	2.520.....	1.223.341 H.	
31-12-1997.....Gardería ".....	2.520.....	1.225.861 H.	
31-12-1998.....Gardería ".....	2.520.....	1.228.381 H.	

Saldo a favor da Adm. For.....1.331.1462.559.527.....1.228.381 H.

Por todo isto propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: **"MOSQUEIRO E DE BAIXO"**

Número: 361-5694

Superficie: 44 Has (42 Has consorciadas da Comunidade de Casal, 2 Has rasas sen consorciar que aportan de novo)

Pertenza: Comunidade de CASAL

Concello: CERDEDO

Saldo inicial: 1.228.381 pesetas a favor da Xunta de Galicia

Participación comunidade propietaria sobre o voo creado: 70%

Participación Consellería sobre o voo creado: 30%

A contabilizar como anticipo: 50 %

A contabilizar como subvención: 50 %

Xuro sobre anticipo: 1%

SEGUNDO.- Que no sucesivo, as características do consorcio sexan:

Nome: Seixo

Elenco: 2291

Pertenza a superficie 667 Has: SAN XOÁN DE CERDEDO (579 Has).

ABELAINDO (8 Has), AREN (16 Has)

BARRO (25 Has) CAVADOSA (16 Has);

MELIDE (23 Has).

Concello: CERDEDO

A restar da conta de gastos: 2.559.527 pesetas
A restar da conta de ingresos: 1.311.146 pesetas

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2000.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS.



Asdo.- Plácido Baamonde López

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL



Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA

INFORME MONTE DE MOSQUEIRO E DE BAIXO 3615694

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común de Casal no concello de Cerdedo (Pontevedra) para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Mosqueiro e de Baixo", formado por 42 has do monte consorciado de "Seixo" incluíndo 2 has rasas que non estaban consorciadas.

Con data 2 de febreiro de 1999 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Pontevedra para segregar 42 Has do monte Seixo pertencente á comunidade de Casal no concello de Cerdedo (Pontevedra) e engadir 2 has rasas.

Vista as certificación da secretaria da comunidade de data 2 de xuño de 1999 pola que a asamblea xeral autoriza á presidenta a solicita-lo inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 15 de xuño de 1999;

Vistas as certificacións da Xefa de servicio Técnico-xurídico da Delegación de Medio Ambiente de Pontevedra de datas 25 de xuño de 1999 e 12 de decembro de 2000 (entendemos 1999),

Visto o informe do Xefe de servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra de data 31 de xaneiro de 2000, favorable á petición,

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común;

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes; informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos, nin as valoracións de tipo económico nin outras cuestións de tipo civil.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome: **“MOSQUEIRO E DE BAIXO”**

Número: 361-5694

Superficie: 44 Has (42 Has consorciadas da Comunidade de Casal, 2 Has rasas sen consorciar que aportan de novo)

Pertenza: Comunidade de CASAL

Concello: CERDEDO

Saldo inicial: 1.228.381 pesetas a favor da Xunta de Galicia

Participación comunidade propietaria sobre o voo creado: 70%

Participación Consellería sobre o voo creado: 30%

A contabilizar como anticipo: 50 %

A contabilizar como subvención: 50 %

Xuro sobre anticipo: 1%

SEGUNDO.- Que no sucesivo, as características do consorcio sexan:

Nome: Seixo

Elenco: 2291

Pertenza a superficie 667 Has: SAN XOÁN DE CERDEDO (579 Has).

ABELAINDO (8 Has), AREN (16 Has)

BARRO (25 Has) CAVADOSA (16 Has);

MELIDE (23 Has).

Concello: CERDEDO

A restar da conta de gastos: 2.559.527 pesetas

A restar da conta de ingresos: 1.311.146 pesetas

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente No prazo dun mes, ou ben interpor directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2000.

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, specifically for the 'SECRETARÍA DE MEDIO AMBIENTE'. The stamp features the coat of arms of Galicia. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink. The name 'José Luis Aboal García-Tuñón' is printed across the signature.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA.

C O N V E N I O

N.º	36	15694
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. FRANCISCO CORZO BOUZAN como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Casal (Cerdedo), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Casal

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "Mosqueiro e de Baixo"

Termo municipal: CERDEDO

Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal Montes Veciñais en Man Común

Límites:

N.: Co monte de covas por Rega de Moqueiro
Rio de Castro

S.: Co o de Outeiro e Quinta polo camiño de Mosqueira
Termo de Forcarei

L.: Co Outeiro e Quinta polo camiño de Mosqueira
Termo de Forcarei

O.: Co fincas particulares

Co monte de Barro pola cumbre de Outeiro de Serra e Outeiro de Cachofés

Superficie: 44 Has

Estado forestal: 19 Has de pinopinaster; 20 Has de pino radiata; 5 Has raso

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes:

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Casal

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 2291 (42 Has)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 0 por cento, e a comunidade propietaria, o 100 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será pinopinaster

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don María José León Gómez, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "Mosqueiro Dabaixo", lugar de Casal, concello de Cerdedo

2.—Que, así mesmo, figura Don Francisco Corzo Bouzán, e Don Celia Fraiz Cortizo, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 19 de maio de 2003

E para que conste, expido a presente certificación a 13 de decembro de 199 9.



Don Celia Fraiz Cortizo, Secretario de comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Casal

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 de maio de 1999 estando designado Don Francisco Corzo Bouzan representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra a Quinze de xuño de mil novecientos noventa e nove.

O SECRETARIO,


Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Francisco Corzobouzan

Asdo.: Celia Fraiz Cortizo

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.


Pola propiedade,


Pola Consellería de Medio Ambiente
O CONSELLEIRO
O SECRETARIO XERAL
Asdo.: José Luis Abad García - Tuñón